

**Acta núm. 08/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 20 de abril de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 María Rosa Romero Fariña.
 Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,10 horas (con retraso) do 20 de abril de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2021, DO 30.03.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2021, DO 30.03.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30.03.2021, acta núm. 07/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M^a MERCEDES CASALDOEIRO FREIRE, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun peche de pedra en Espiñeiros 3, Luaña, limpando, encintando e colocando reixa metálica por enriba. O peche sitúase en contacto co vial, a menos de 4 metros do eixo da vía.
 A parcela (referencia catastral núm. 9457906NH1495N0001KU) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e situase próxima a un elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como LE7, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Dado que o peche non cumpre coa distancia mínima esixida ao eixe do vial (4 metros), non se poderá modificar a súa altura colocando por enriba a nova reixa metálica prevista.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 179,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 244,48 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÓSCAR CASTRO SILVA, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun peche, substituíndo puntualmente as

partes de pedra en mal estado polo mesmo material. O peche sitúase en contacto co vial, a menos de 4 metros do eixe da vía.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral 6431312NH2463S0001BR) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e situase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 54,24 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 118,81 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FÉLIX BOUZAS FERNÁNDEZ, na que comunica que vai pintar a totalidade das fachadas da vivenda de Liñares 60, Brión, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 8582813NH2455S0001PA) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.

Total: 60,00 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL ARUFE CASTRO, na que comunica que vai substituír tres fiestras exteriores de PVC, na vivenda de Piñeiro 6, Os Ánxeles, para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento da vivenda.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 6443202NH2464S0001ZZ) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCÍA LÓPEZ REY, na que comunica que vai realizar as seguintes actuacións en Brión de Arriba 17, Brión:

.- Construír unha edificación auxiliar illada (alpendre) de 38,50 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, con bloque de formigón acabado en cor branco e tella como material de cubrición.

.- Instalar unha piscina descuberta tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral 5461302NH2456S0001ET) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e tamén se atopa dentro da zona de protección de leitos dun regato inominado.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, clave DH.W15.72677, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O alpendre e a piscina situaranse mínimo a tres metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 374,51 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 439,08 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ GENDRA FABEIRO, na que comunica que vai substituír o portalón de acceso á parcela de Bastavaliños 12, Bastavales, por un portalón novo de aceiro laminado lacado en cor, sen modificar a súa situación no peche de parcela existente, que non está situado a 4 metros do eixe do vial. Trátase dunha obra de conservación de escasa entidade.

A parcela (referencia catastral 7520320NH2472S0001UF) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Bastavaliños, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE-1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 66,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 131,17 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL CASTAÑEDA FERREIRA, na que comunica que vai realizar as seguintes actuacións en Soigrex 19, Ós Ánxeles:

.- Construír 5 edificacións auxiliares cubertas con estrutura de madeira e tella e unha pérgola. A dimensión total das edificacións cubertas é de 65 m² (pérgola A: 16 m², pérgola B: 26 m², pérgola D: 10 m², porche A: 3 m² e porche B: 10 m²). A pérgola sen cubrición (pérgola C) non se considera aos efectos da ocupación, segundo o artigo 40 do Plan básico autonómico de Galicia.

.- Instalación de electricidade e iluminación no interior da parcela.

A parcela (referencia catastral 6743602NH2464S0001DZ) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- As construcións auxiliares poderán construírse illadas, arrimadas á traseira da edificación e/ou ós lindeiros da parcela (sen prexuízo de danos a terceiros).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 504,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 569,13 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA RIAL GONZÁLEZ, na que comunica que vai construír un peche de muro de contención de panel de pedra con recheo de formigón armado en base e intradós, dunha altura inferior a 1,50 metros ao longo de todo o perímetro da parcela en contacto coa vía pública, en Brans de Abaixo 14, Brión.

A parcela (referencia catastral 6470109NH2476S0001QD) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase na aliñación marcada no PXOM, segundos planos do proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Oscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.09.2018, que serviu de base a obtención da licenza urbanística para a construción dunha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar, outorgada pola Xunta de Goberno Local o 30.10.2018.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 296,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 360,67 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Borja Sánchez Miranda, que di actuar en representación de ABEL ALAMILLO GORDO e ANA TERESA VERTEDOR PALOMO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Quintáns 20, Brión, segundo proxecto de execución asinado polos arquitectos Borja Sánchez Miranda e Ángel Malvar Larriba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.02.2021.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 5862702NH2456S0001GT) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, clave DH.W15.70750, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polos arquitectos Borja Sánchez Miranda e Ángel Malvar Larriba, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.02.2021.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (18,36 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 18,36 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 9 de abril de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.848,79 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 136,66 euros.

Total: 1.985,45 euros.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBERTO SEAGE TOMÉ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Gundín 27, Os Ánxeles.



A Xunta de Goberno Local do 24.09.2019, concedeulle a Irene Picallo Regueiro e Alberto Seage Tomé, licenza de obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar en Gundín 27, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19.08.2019 (nº expediente 1904424.2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06.11.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González